

ACTA Nº 4/2018 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 13 DE ABRIL DE 2018 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2018/4.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTOR: D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

ÍNDICE:

Punto Único.- Expediente 1574/2017. Modificación Puntual nº 15-PXOM. Aprobación provisional..... Pág.3

Sendo as **catorce horas** do venres, **día 13 de abril de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventor, *D. Fidel García Martul*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

PUNTO ÚNICO. EXPEDIENTE 1574/2017. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15-PXOM. APROBACIÓN PROVISIONAL.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo, de data 09/04/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 10 de abril de 2018.

De seguido veñen as deliberacións que non se transcriben dada a extensión das mesmas.

O edil Delegado de Urbanismo, **D. Nicolás González Casares**, salientou que era un trámite que faltaba. O actual PXOM é de 1999 e esta era a Modificación nº 15. Hai outras en marcha, como a 14 e a 16.

Deriva da demanda do sector agrogandeiro clave para a comunidade e moi importante. Estaban limitadas as distancias aos núcleos de poboación. Traballamos para ver de reducir esas distancias. Hai unha importantísima demanda de todos sectores, mesmo do porcino que non podemos atender polos perigos.

Busca eses obxectivos de flexibilizar as distancias e de haxa novos espazos. Empezamos a mirar e estudamos moi ben isto. Mil metros rural coa distancias sectoriais é difícil de localizar granxas. Puxémonos mans á obra. Buscamos o consenso do goberno coas organizacións agrarias e coa oposición. Traballamos da man. Coida que a ordenación do territorio na medida do posible debe ser pactada. Teñamos posibilidade de facelo co acordo e coas cuestións a dirimir no xurídico e no técnico. No ano 2016 tiñamos maioría neste Pleno. Entón non era necesario, pero si importante consensuar. Fixamos as distancias de granxas e a núcleos, dos mil metros se rebaixaron a 500 nas cunícolas e avícolas.

Tras a aprobación inicial, cos informes pertinentes e pasado ese prazo, a Consellería dixo que estaba rematado. Por urxencia trouxémolo ao Pleno, extraordinario. Non queríamos que pasara o tempo, para acollerse as axudas das melloras de explotacións. Era para que puideran entrar neste ano as peticións de axuda.

Houbo unha alegación moi simple. As distancias ás edificacións e aos camiños debían

pasar de 25 a 10 metros para as granxas cunícolas e avícolas e outra. A aportación é pequena. É unha cuestión técnica de mellora da ordenanza polígono industrial do Polígono de Botos, as parcelas antigas quedaban fora ordenación. Algunha empresa quería cambiarse e quedaba fora. Agora adecúase para que esas parcelas poidan ser utilizadas. Detectamos iso. Cuestións importantes e simples. Vai haber tres catro ou cinco posibilidades máis de investimentos grandes en Lalín. A redución das granxas a núcleos urbanos permitirá isto. As granxas de polos son bastante herméticas e non presentan tantos problemas.

D. Manuel López Fernández. Imos votar a favor. Si, pero hai un pequeno detalle, aínda que véxoo ben. Encontrei despois das comisións informativas que non tiñan coñecemento disto os gandeiros, da alegación. Eu persoalmente tiven queixas moitas, e pregúntame a prensa. Non eran sabedores do cambio dos vinte e cinco metros, e dos informes dos técnicos. A situación é boa en detalle. Depende de como se mire polos gandeiros. Donsión que foi quen fixo ese estudo, ten información privilexiada. Isto a outros técnicos de Lalín que fan proxectos non se lles dixo. É un pequeno detalle. Sabiades que o podíamos comentar. Non é por mín. A min as distancias parécenme xustas e trinta metros pode que tamén. Os que presentaron, proxectos encontráronse un pouco afectados. Eu dicíalles que eran os 25 metros. Votamos a favor. Só comentalo. Uns tiveron ese problema, con queixas de gandeiros e que tamén tiven coa prensa sobre se tiveron información privilexiada. Quen presenta alegación e a corrección de erros é un técnico que fai proxectos. Estaba ben, pero había que sabelo entre todos. Déronlle moita importancia ás distancias que están ben. Está ben pasar de 25 metros a 10 metros.

Sr. Secretario. Houbo unha exposición ao público. Só houbo unha única alegación. Non dúas, tres ou catro. Todo o mundo tivo a oportunidade de ver o expediente e de alegar. Ata o martes á mañá, que veu de Medio Ambiente o expediente, o técnico, o arquitecto, non o informou. Non hai ningún interese nin información privilexiada, nin nada. Non se lle deu importancia e tiramos para adiante. Non interveu ninguén, só os técnicos. Máis que nada, non se lle deu transcendencia. Alegación está aquí no expediente desde que se presentou o ano pasado. Houbo unha única alegación.

Non se oe. **D. Manuel López Fernández.** Esa redución dos 25 metros non se sabía. A xente queixouse de que non tiña esa información.

D. Nicolás González Casares. Xa vou entendendo de que vai isto. Houbo unha exposición pública. A xente ten a posibilidade de alegar. Podíanse quedar ccunpalmo de narices. Si o técnico di que non, é que non se admitiría. Que pasaría?. Podía ser ao revés. Xa o vin hoxe. En novembro presentou e non se fai nada e apróbase por un técnico municipal tras a exposición pública. Se o técnico a aproba, un técnico que non é descoñecido, é Javier Bugallo, hai un informe positivo. Nin me consultou para facer o informe. Dixo aceptar a alegación. Se non acepta falaríamos do efecto contrario. Ti cres que favorece aos gandeiros?.

D. Manuel Fernández López. Si.

D. Nicolás González Casares. Cal é o interese xeral? Que quede claro. O cambio non é tan significativo. Faise para mellorar os proxectos dos gandeiros. Os veciños que pasen por eses camiños dirán algúns que non lle gusta tan cerca.

Calquera puido facer alegacións. Calquera. Se atopas un elemento unha palabra de que eu tiveren algo nisto, douche a razón.

Sr. Secretario. O cambio non afecta ás estradas estatais, provinciais nin autonómicas. Só ás pistas locais.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non te jode, é increíble. Home, claro, faltaría. Para as outras non tes competencia.

D. José Antonio Varela Quintela. Di o mesmo que o Sr. Crespo, a excepción de “non te jode”.

D. Juan José Cruz García. Nada.

D. Xosé Crespo Iglesias. A verdade non salgo do meu asombro. Por unha vez que imos da man. Isto é un puñetero escándalo. Poñámonos por pasiva, póñanos a nós no seu sitio. Que pasaría se un ex concelleiro do PP fixera a alegación, como o Sr. Donsión?. O técnico municipal non aproba nada, informa. Eu entendín aprobado.

D. Nicolás González Casares. Dixen non aprobar, senón informar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Mire a ver se dixo iso o Tenente Alcalde.

Sr. Secretario. Hai que velo na gravación.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entendín aprobar. Está gravado. Coido que dixo aprobar.

D. Nicolás González Casares. Informar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Quéixanse que nós somos unha oposición dura. E de que non pasamos unha. Non somos cáusticos. Somos hermanitas da Caridade. Como dixo o edil da negociación, nós estamos a favor de non demorar isto un minuto máis. Moitos gandeiros poden perder as axudas. Que vostede negocie connosco un paquete de medidas, de acordo. A maiores o edil que falou co delegado de urbanismo, non se entera ata o día anterior que pasan de 25 a 10 metros. Non pode agarrar e antes da comisión informativa e chamar ao edil e dicirlle: oe hai unha alegación e considero que é positiva. Nos dámonos por enganados. Os informes da casa hainos, pero quen aproba isto é o Pleno. Quere isto dicir que hai que ser máis elegante, hai que ser elegante. Non custaba nada chamar a Manolo. Eu estaba en Madrid. Dos membros do PP ningún sabíamos nada. Se me di que aquí hai un pequeno gazapo, se o explican. Nin sequera estamos en desacordo co fondo. Non lle parece legal que non lle digan nada. Chegamos á comisión informativa, que enriba ven feita a alegación por esa persoa. Non desconfiamos. Póñase no seu sitio. O normal e que o que a fai o teña datos. Informouse a outros técnicos que fan os proxectos? Alguén puxo o grito o ceo pola redución a 25 m. O outro ten información privilexiada.

D. Nicolás González Casares. O que din de que ten información privilexiada non é certo. Corrixa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Corrixo. Non a ten, pero pode tela. Dálle tanto

traballo chamar?. Ao mellor estamos de acordo, ou mesmo a menos. A 25 metros parécelle bastante e a 10 metros parécelle pouco. As naves son impresionantes de 100 metros de largo. A 10 metros camiño van ben xustiñas. Podía valer. Imos ver os proxectos que veñen. Algunhas fincas non dan eses metros. Evitábase vostede este follón no Pleno chamando. Telo porque quere, porque non o di. É intransixente. Probablemente estamos de acordo. Aquí o máis parvo fai avións. Meten o dedo na boca, e non queren que o mordamos. Se un do oposición fai isto, sería un escándalo e irían a Estrasburgo. Atenta á intelixencia. Dálle que pensar que hai gato encerrado. Negociamos e non sabe se saíran quince ou mais ou menos. Non o sei. Non me diga que se presentou en outubro e Manolo de Castro non o sabía. Non lle daba ningún traballo chamar. Podo entender e merecen o seu respecto os técnicos da casa. Bugallo foi o pai do PXOM. Nada que dicir, probablemente teña razón. Aprobamos isto pola porta de atrás. Aínda que non sexa correcto. Coa súa forma de facer as cousas non nos enteramos. Dalgunhas non. Si da metade. Votamos a favor. Non me parece elegante pola súa parte, estando negociando co principal grupo da oposición que non poña as cartas para arriba. Non é normal que Manolo de Castro non se entere. A dez, quince ou enriba do camiño non se trata diso. Cando se negocia unha cousa debe ser claro. Non entende porque non o dixeron. Había alegación, cando?

D. Nicolás González Casares. O informe é de Javier Bugallo.

O Sr. Secretario. O martes.

D. Nicolás González Casares. Fixo Javier a corrección do erro e deulle pouca importancia. Unha columna que estaba mal, Donsión detectouno e presentou o escrito na alegación. Dixo corrección de erro. Non falei con Donsión na miña vida por este asunto. O outro día chega o informe de J. Bugallo, o martes, é moi fácil. De todos os xeitos, diante das dúbidas sácase, non ten ningún problema e retrasamos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non estamos por retrasar.

Pódome despistar e que non a dera importancia. Pediría desculpas. Polos prazos, falamos todas as semanas. O informe positivo é do martes. Igual o martes, o técnico deulle pouca importancia. Con que palmo de narices, se o técnico informa desfavorable.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non negociamos retrasos.

D. Nicolás González Casares. Foi unha corrección erro. Non lle vin os tres pes ao gato, nin dous. Poñéndome na situación empática, podía habelo (informar desfavorablemente a alegación).

D. Xosé Crespo Iglesias. O gato escaldado fuxe da auga fría. Vostede tamén afirmaron en Soutolongo....Nos somos responsables.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Un minuto a cada un

D. Nicolás González Casares. Hai que poñer en valor o tema. Non se me pode acusar de ocultar nada. Chamei a Manolo corenta mil veces e falamos. Houbo reunión para as distancias necesarias. Non é un tapadillo. Penso que negociouse cos gandeiros. Agora estimo son suficientes os dez metros ás pistas..

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

O Concello está a tramitar o documento denominado EXPEDIENTE DE MODIFICACION PUNTUAL Nº 15 DO P.X.O.M. DE LALÍN”.

Considera esta Entidade de interese xeral dito expediente, que ten por obxecto modificar as distancias das granxas e explotacións porcinas e outras respectos ás recollidas no vixente PXOM. Entende que con elo se facilitará a ubicación de explotacións agrogandeiras en Lalín e a reforma, ampliación ou a remodelación das que xa están implantadas.

Lalín, como resulta sobradamente coñecido por todos, é un Concello eminentemente gandeiro e por ende unha grande parte da súa economía basease nas explotacións agrogandeiras.

Considérase insuficiente a corto e a medio prazo a actual regulación, xa que impide ou limita a ubicación de instalacións agrogandeiras, coidando que coas actuais distancias non se favorece, senón que se limita a implantación das mesmas, a súa ampliación ou a reforma e remodelación das xa existentes.

A Modificación Puntual proposta supón reducir as distancias respecto as explotacións que figuran no documento técnico elaborado polo arquitecto municipal D. Javier Bugallo Thielen.

O documento reduce as distancias das explotacións respecto das vías públicas e respecto dos núcleos de poboación e de vivendas, cando así o permite a lexislación xeneral.

O expediente tramitouse e realizáronse os trámites que figuran no mesmo.

Durante a fase de exposición ao público houbo unha alegación, a de **D. Francisco Pérez Donsión**, con data 16 de novembro de 2017, nº rexistro entrada 9123 que propón reducir as distancias para as explotacións sen base territorial de aves e coellos e outras non incluídas nos apartados xerais, de vinte e cinco metros, que figuran no Documento do Plan, a dez metros.

O único cambio introducido no documento aprobado inicialmente corresponde coa redución das distancias de 25 m. a 10 m. Respecto ao resto de vías en EXPLOTACIÓNS GANDEIROS SEN BASE TERRITORIAL. Resto (aves, coellos...) excluídas as de porcino, nas que se mantén a distancia mínima de 25. m. conforme ao contido da alegación presentada e estimada.

Considerando o informe técnico e xurídico favorable á estimación desta alegación no que se refire ás explotacións gandeiras sen base territorial (resto aves, coellos, excluídas as de porcino).

Considerando que a petición e a estimación da alegación non constitúe nin forma parte dunha modificación substancial do documento aprobado inicialmente e visto os informes do Secretario Xeral e do Arquitecto Municipal favorables ao expediente.

Tendo en conta que o acordo adoptado é por **UNANIMIDADE** dos asistentes, (21 membros) o que constitúe mais da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, esixidos polo artigo 47.2. II) da lei 7/85 de 2 de abril, RBRL, que son vinte e un o número, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Estimar a alegación formulada por *D. Francisco Pérez Donsión* que propón a redución a 10 metros das distancias das granxas de coellos e de aves respecto das vías públicas das explotacións sen base territorial.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o expediente xa corrixido coa alegación anterior, que inclúe o Documento de Plan, Modificación Puntual nº 15 do PXOM de Lalín.

Terceiro.- Remitir o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a súa aprobación definitiva.

E, sendo as **catorce horas e trinta e cinco minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas